



Pola presente comunícase que segundo a Orde do 25 de xaneiro de 2017 da Consellería de Cultura, Educación e O.U. (DOG do 15 de marzo), pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos, no segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación,

ÁBRESE O PRAZO PARA A ADMISIÓN DO ALUMNADO.

Desde o día 1 de marzo e ata o día 20 de marzo, queda aberto o prazo para a presentación das solicitudes de admisión. As solicitudes pódense retirar na secretaría do centro, descargar o ANEXO II desde a páxina web da Xunta <https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>, ou desde a páxina web do colexio www.edu.xunta.es/centros/ceipasforcadas.

Tamén poden ser cubertas telematicamente desde a aplicación [admisionalumnado](#).

Aqueles pais/nais/titores legais cuxos fillos/as naceran no ano 2017, poden pasar polo colexio para tramitala. Tamén a deberán facer os que veñan doutros centros educativos de infantil e/ou primaria.

Ante calquera dúbida, non deixedes de consultala na dirección do centro.

EN CALQUERA CASO SÓ SE PODE PRESENTAR UNHA SOLICITUDE DE ADMISIÓN. FACELO EN DOUS COLEXIOS IMPLICA INFRACCIÓN E PERDA DE DEREITO DE PRIORIDADE.

Sen outro particular, reciban un cordial saúdo,

En Corme, a 10 de febreiro de 2020.

O Director

Asdo.: Manuel N. Caridad López